

Acta da Comisión Permanente do día 28 de febreiro de 2011

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 28/02/2011.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 28/02/2011.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación referente á solicitude de validación de actividades por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria de 24 de xaneiro de 2011 e extraordinarias celebradas o 3 de febreiro de 2011.

Logo de feita a corrección dun erro referido aos asistentes ás comisións extraordinarias, a Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas correspondentes as sesións celebradas os días 24 de xaneiro e 3 de febreiro de 2011.

2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.

A Comisión acorda aprobar os títulos e tribunais de proxecto fin de carreira que se relacionan no anexo III.

4. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

A Comisión acorda validar o curso de "CATIA II" realizado polo alumno na Wroclaw University of Technology, por 2 créditos de libre elección (achégase como anexo IV copia da documentación presentada).

5. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 8 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, vinte e oito de febreiro de dous mil once.

Vº e prace

O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 28/02/2011

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 28/02/2011

Asistentes á Comisión Permanente do 28 de febreiro de 2011
Presidente da Comisión
Pedro Arias Sánchez
Secretario
Enrique Granada Álvarez
Profesorado
María Araújo Fernández
Ángeles Saavedra González
Fernando García Bastante
Fernando Cerdeira Pérez
Carmen Pérez Pérez
Alumnos
Diego Faro Malvar
Álvaro Arufe López
Laura Gómez Pereira
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

ANEXO III
Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados
por esta Comisión Permanente

ANEXO IV

Documentación referida á solicitude de validación de actividades por créditos de libre elección